



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
XUNTA DE GALICIA
Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00
Edificio administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (**COGAMI**) para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de COGAMI e das súas entidades

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase COGAMI dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Mantemento da federación. Servizo de Información, asesoramento e orientación (S.I.A.O.) ás persoas con discapacidade e ás súas familias. Servizo de intervención social das persoas con discapacidade e as súas familias. Programa de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia. Formación e intermediación laboral das persoas con discapacidade. Sensibilización e concienciación. Voluntariado. Actividades de lecer. Respiro familiar. Servizo de información e asesoramento en accesibilidade. Servizo de apoio ao movemento asociativo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con parálise cerebral, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con COGAMI para o financiamento do programa de atención a persoas con





discapacidade e ás súas familias e do mantemento de COGAMI e das súas entidades .

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, COGAMI aparece expresamente reflectido no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2019 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2019

